

XXI FEIRA DE ARTESANÍA DE TUI

Bases de Participación e de Información 2017



I. ORGANIZACIÓN

O Excmo. Concello de Tui organiza a XXI Feira de Artesanía de Tui, cos obxectivos de apoiar a comercialización do produto artesán, coa convocatoria de 44 postos de venda directa, a promoción e a difusión da actividade artesán, achegándoa ao público dun xeito claro e preciso, así como a dinamización do Conxunto Histórico, do Centro Comercial Aberto e da Cidade de Tui, no eido comercial, social e cultural.

A organización:

- Facilitará un posto de venda a cada artesán (ver debuxo).
- Non dotará os postos de infraestrutura en caso de inclemencias meteorolóxicas adversas.
- Non se fará responsable do material exposto, tanto en horario de feira como fóra dela.
- Editará publicidade precisa da feira para a súa difusión.
- Programará actividades complementarias para un maior reclamo de asistentes e participantes.
- Decorará as rúas e prazas, con estandartes e bandeirolas en cor granate, para un maior realce.
- Obrigatoriedade de uso de tela granate na decoración do posto.
- Recomendase utilización de traxe tradicional ou roupa medieval aos artesáns.

II. DATAS E HORARIOS

A Feira de Artesanía de Tui celebrarase o sábado 6 e o domingo 7 de maio, en horario de 12:00 h da mañá a 22:00 h da noite ámbolos dous días. A apertura é o sábado 6 ás 12:00 h.

III. ZONAS DE EXPOSICIÓN E VENTA

As zonas de emprazamento dos postos de venda será na rúa Ordóñez, a Praza do Concello e a Praza de San Fernando. Deixando unha zona concreta para as asociacións de Palilleiras "Baixo Miño" e Bordado ao Aire, na Praza de San Fernando.

IV. CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN

Aqueles participantes residentes en Galicia deberán posuír a CARTA DE ARTESÁN, e aqueles participantes que sexan residentes fóra da nosa comunidade, deberán posuír o carné equivalente acreditativo de garantía de calidade que outorgan ós distintos gobernos autonómicos ou nacionais, en situación de residencia.

Existe un límite de participantes, facendo a salvedade, de que un artesán tudense, cumprindo co requisito de ter na súa posesión a carta de artesán, nunca quedará fóra desta convocatoria.

Dos 44 postos de venda e exposición a organización a través dun comité externo, resérvase o dereito de selección dos artesáns, tanto novos participantes ou xa inscritos en pasadas edicións, así coma, o número de artesáns por actividade.

V. CRITERIOS DE ACEPTACIÓN E DISTRIBUCIÓN

Para cumprimenta-los requisitos obrigatorios para participar, os interesados, deberán achegar ao Dpto. de Cultura, mediante correo postal, a folla de solicitude anexa cuberta con claridade e axuntando conxuntamente, unha fotocopia da Carta de Artesán en vigor, así como, fotocopia do D.N.I., e acompañar varias fotografías do material a expor. Ao remitir esta documentación e as fotos impresa (poden ser varias en cada folla), solicitamos que toda esta documentación sexa en papel A4, non admitiremos o envío de CD ou DVD, ou por correo electrónico.

O prazo de entrega da solicitude de inscrición, rematará o venres 7 de abril. A organización comunicará os propios artesáns aceptados, a súa inclusión nesta nova edición, vía telefono, o venres 21 de abril.

A organización resérvase o criterio de aceptación dos participantes, baseándose nas condicións expostas nestes requisitos de participación, así como, a súa distribución na zona de venda, intentando adaptarse as condicións de exposición para cada modalidade de artesanía.

VI. COLABORACIÓN

Se solicita a cada participante unha colaboración solidaria de entrega de alimentos a voluntarios da asociación SOS TOMIÑO – BAIXO MIÑO no momento do inicio da montaxe no Cantón de Diómedes de 09:00 h a 11:00 h do sábado 6 de maio.

A organización solicita os interesados e participantes finais a súa colaboración para levar a bo cabo esta XXI Feira de Artesanía de Tui, para que ano a ano, mellorem conxuntamente a organización desta actividade na Cidade de Tui.

XXI FEIRA DE ARTESANÍA DE TUI

Solicitud de Participación na Edición 2017



NOME E APELIDOS (maior de idade) ou ASOCIACIÓN											Nº	
D.N.I ou N.I.F. (asociación)			TELÉFONOS						CORREOS ELECTRONICOS			
ENDEREZO			Nº		BARRIO				PARROQUIA			
CIDADE						CÓDIGO POSTAL			PROVINCIA			
ACTIVIDADE OU MODALIDADE ARTESANAL									Nº CARTA ARTESÁN			
POSIBLES NECESIDADES PARA EXPOR NA FEIRA												
PARTICIPOU NO/S ANO/S			FOTOGRAFÍA DA FEIRA						POSTO DE VENTA (1,80cm x 0,90cm)			
ANO 2016	non	si										
ANO 2015	non	si										
ANO 2014	non	si										
ANO 2013	non	si										
ANO 2012	non	si										
ANO 2011	non	si										
ANO 2010	non	si										
ANO 2009	non	si										
OBSERVACIÓNS OU SUXERENCIAS NA ORGANIZACIÓN DA FEIRA												
CONFORMIDADE												
<p>Dou conformidade de que logo de le-las Bases de Participación e Información, da XXI Feira de Artesanía de Tui, desta nova edición do ano 2017, na Cidade de Tui, os acepto estando de acordo coas mesmas, remito copias da CARTA DE ARTESÁN en vigor e D.N.I., e acompaño varias fotografías impresas en folios do material a expoñer e vender, polo que asino,</p> <p style="text-align: center;">en _____, a _____ de _____ de 2017.</p>												